

BREVES

RECURSO DE AMPARO POLA SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO

A Federación do Ensino (FE) de CC OO presentou o pasado martes 16 de abril ante o Tribunal Constitucional o recurso contra a Sentencia do Tribunal Supremo que daba a razón ó Goberno no conflito da conxelación salarial dos empregados públicos do ano 1997. A FE de CC OO considera que con a actuación do Tribunal Supremo (contradiciendo sentencias anteriores do propio TS) vulnerouse o dereito a tutela xudicial efectiva que recoñece a Constitución, polo que se espera unha resolución favorable do Tribunal Constitucional. Posteriormente, se fora necesario estudaríase a presentación dun recurso ante o Tribunal de Estrasburgo que xa lle quitou a razón o goberno francés nun caso similar.

OS PRECARIOS PAGAN AS DÉBEDAS DAS UNIVERSIDADES

O Ministerio de Cultura e Tecnoloxía decidiu (sen previsión algunha) transferir a xestión do abono das bolsas de FPI ós organismos receptores o que está a orixinar un considerable retraso no pago das mesmas.

Nalgunhas universidades, a situación dos bolseiros e moito máis grave posto que aínda non recibiron ningún pago, xa que o diñeiro que o Ministerio tiña que transferir para este fin foi retido pola Axencia Tributaria por mor das débedas que as universidades manteñen con Facenda. O mesmo está a pasar cos cartos destinados a proxectos de investigación.

MALESTAR NO PAS DA POLITÉCNICA DE VALENCIA

O difícil equilibrio que supón repartir un 49% dos representantes claustrais que a LOU deixa o arbitrio das universidades, entre os distintos colectivos, esta a crear conflitos intersectoriais, tal e como aconteceu na Universidade Politécnica de Valencia. A súa Xunta de Goberno otorgou a máxima representación ó profesorado, e en especial ós funcionarios doctores, en detrimento do colectivo estudiantil (21%) e, sobre todo do PAS, que ven reducida a súa presenza no claustro a un 6%. Os sindicatos UGT, CC OO, CSIF e STEPV rebeláronse contra esta situación ó considerar que supón unha clara discriminación para o colectivo, tal e como manifiestan nun comunicado conxunto, no que se denuncian tamén os criterios políticos da proposta rectoral presentada como “de consenso”.

RÍO+10: AS CLAVES DO 1º CUMIO DA TERRA

Durante os días 29, 30 e 31 de marzo, dentro dos Cursos de Verán de El Escorial terá lugar o curso RÍO+10: AS CLAVES DO 1º CUMIO DA TERRA, dirixido polo secretario de Medio Ambiente de CC OO. e que será inaugurado por José Mª Fidalgo, Ignacio Ramonet e Estefanía Blount.

As conferencias contarán coa presenza de Susan George, ATTAC-Francia; Ignacio Ramonet, director de Le Monde Diplomatique; Ramón Folch, titular da cátedra UNESCO; Olivier Deleuze, ministro de Medio Ambiente de Bélxica; Joan Martínez Alier, membro do Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente; Juan López de Uralde, director de Greenpeace; Gracia Santos, directora da Fundación Paz e Solidariedade; Juan Moreno da Confederación Europea de Sindicatos

- [Programa do Curso](#)
- Inscribirse en : www.ucm.es/info/cv/inscribirse2.html